

Xosé María Álvarez Cáccamo

De sombras e poemas que son casas

Antoloxía poética sonora



Antoloxía feita polo autor
Título: *De sombras e poemas que son casas*

Primeira edición, setembro 2010
© do autor: Xosé María Álvarez Cáccamo

Maquetación: Natalia Susavila Moares

© da edición
Edicións do Cumio, S. A.
A Ramalleira, 5 - 36140 Vilaboa (Pontevedra)
Tel. 986 679 035
cumio@cumio.com / www.cumio.com

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra soamente pode ser realizada coa autorización dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.
Dirixirse a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) se precisan fotocopiar, escanear ou facer copias dixitais dalgún fragmento desta obra.

ISBN: 978-84-8289-225-2
Impresión: C/A Gráfica
Depósito legal: VG 616-2010
Impreso en España

NOTA DO EDITOR.....	9
DE PRAIA DAS FURNAS.....	13
Furna do encontro de Darío Álvarez Blázquez con Darío Álvarez Limeses (Vigo 1979 – Tui 1936).....	15
Casa durmida.....	16
Aloia.....	17
Caixas para poetas, alquimistas e fuxidos.....	18
Urbano Lugrís.....	20
DE ARQUITECTURAS DE CINZA.....	21
Todas as casas que vivín preservan.....	23
A tarde vagando deita en Nois teas quebradas.....	24
Que o tempo sexa sempre a tarde inmóbel.....	25
No muro, a sombra.....	26
DE OS DOCUMENTOS DA SOMBRA.....	27
Nos últimos papeis dos mortos, resgatados.....	29
Eu habitaba dentro das murallas cando comezaron a chegar.....	30
Voltei a entrar na casa.....	31
Procurade non soñar cos moi queridos.....	32
Camiño ás veces entre aparellos desfeitos que sabe enaltecer a luz.....	33
DE LUMINOSO LUGAR DE ABATIMENTO.....	35
Na alta noite ferida que é símbolo da túa.....	37
Hai que falar aínda da casa fronte ao mar.....	38
Fica no ancoradoiro balbordo das distancias.....	39
Fuxe a casa no mar levada por ventosas.....	40
Regresades á casa.....	41
Soñar é ter memoria.....	42
DE CIMO DAS IDADES TRISTES.....	43
Coitelos.....	45
Tres instrumentos para matar a tristeza.....	46
Algunhas veces foxen polos montes dacabalo.....	47
O vento dos pobres.....	48
Tren.....	49

DE O LUME BRANCO.....	51	DE OS CADERNOS DA IRA.....	91
Nunca durante tantos días estivo baixando neve		De mañá que medo.....	93
sobre as prazas do mar e nunca.....	53	Crónica do espanto.....	107
Todos te pretendían porque viñeras acompañada dun rumor.....	54	DE VOCABULARIO DAS ORIXES.....	115
Que animal tan distinto ese neno que baixa atravesando os fíos.....	56	Árbore.....	117
A chuvia era de guerra.....	58	Casa.....	118
Entón entrei contigo no bosque das faias a media altura.....	59	Chuvia.....	119
Con árbores.....	60	Domingo.....	120
DECOLECCIÓN DE ESPELLOS.....	61	Gato.....	121
Sempre agosto.....	63	Liberdade.....	122
Papél de encaixe.....	64	Morte.....	123
Da tristura.....	65	Río.....	124
Antón Avilés camiña descalzo.....	67	DE DEPÓSITO NATURAL.....	125
Éxodo dos nenos pretos.....	68	Lodeiro.....	127
DE A ESCRITA DAS AVES DE MARZO.....	69	Uxío Novoneyra.....	128
Os versos.....	71	Futuro.....	129
As cartas.....	72	Antonio Gamoneda, mestre alquimista.....	131
O teu nome.....	73	DE LÚA DE PAN.....	133
Pedra, lume, luz, auga.....	74	Sombras.....	135
DE CALENDARIO PERPETUO.....	77	Canción de Antón.....	136
Ferve un estrato de fauna asombrosa debaixo da escuma.....	79	Coches.....	137
Chaman por el os pais con voz de altura que imita a forma exacta.....	79	DE VILAR DOS FILLOS.....	139
Esa tarde voltou o neno á hora da merenda.....	80	Que estraños son os fillos.....	141
A tarde enteira.....	80	Comen os irmáns.....	142
Cómpre atravesar Novembro sen mancarse.....	81	Irmán: a noite.....	143
Detrás das persianas de madeira verde chove.....	81	Fillos nictálopes.....	144
Entra Inverno nas casas.....	82	DE VENTO DE SAL.....	145
É Domingo na casa dos avós.....	83	A miña nai na praia, tarde turba.....	147
A casa medra tamén por debaixo da liña dos tranvías.....	83	Este é o tempo de agarimar a memoria.....	148
Para testemuñar a morte do argazo.....	84	Na praia medra un astro desmedido.....	149
O areal da cor da carne ten a longura indómita de todas as horas.....	84	Setembro chega ao mundo.....	150
No entresoño escoitache rumor de panos brancos.....	85	Dalgún lugar emerxo.....	151
Volta Xuño outra vez e caes serenamente sobre o leito da area.....	86	Xa vou adelgazando na folla do vento.....	152
Pode un neno extraviarse en alba de desexo e non saber.....	87	Casa do chan terreiro.....	153
Sabios son os pais dentro da cúpula de Agosto.....	87	Maré do pobo a arder.....	154
Cando chega Setembro vivimos sobre as ondas.....	88	BIBLIOGRAFÍA.....	157
Fragmentos da tristura que chamamos Outubro.....	88		
Non quero ir nunca máis os xoves pola tarde á casa pobre.....	89		
O vento, nai, o vento.....	90		
O tempo segue alí.....	90		

NOTA DO EDITOR

Iniciar un proxecto editorial provoca a todas as persoas que participan nel unha sensación de compromiso co futuro. É alí, nese tempo aínda por chegar, onde o noso traballo adquire un sentido pleno, afastado da continxencia temporal que nos obriga a unha comercialización do obxecto. Alí, nese futuro que imaxinamos, quedarán os exemplares para que os sigan lendo e escoitando todos os que, tamén como nós o facemos hoxe, gozarán coa poesía.

Temos a certeza de que escoitar e ler os nosos poetas permitirálles comprender mellor a singularidade coa que naceron como pobo, e guiaráos por ese camiño da emoción que tanto axuda o home a se realizar.

É un privilexio comezar esta colección de antoloxías con Chus Pato e Xosé María Cáccamo, dous poetas con obras realmente importantes. Foi un pracer para todo o equipo poder traballar con eles, e sobre todo escoitar coa súa voz e as súas pausas a lectura dos seus poemas. Unha sorte que agardo que vós poidades compartir con este libro.

Francisco Villegas

XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ CÁCCAMO (VIGO, 1950)

É profesor de Literatura, poeta e crítico literario. Ten publicado ademais obra narrativa e teatral e literatura infantil. É autor de poemas-obxecto e visuais.

Como poeta recibiu o Premio «Esquíu» (1986), o Premio da Asociación de Críticos de España (1987), o Premio da Crítica de Galiza (1998), o Premio «González Garcés» (1999), o Premio «Arume de Poesía para nenos» (2001), o Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega (2004) e o Premio «Irmandade do Libro» (2007).

É autor dos seguintes libros de poemas: *Praia das furnas* (1983), *Arquitecturas de cinza* (1985), *Os documentos da sombra* (1986), *Luminoso lugar de abatimento* (1987), *Cimo das idades tristes* (1988), *Fragmentos de mar* (1989), *O lume branco* (1991), *Colección de espellos* (1994), *A escrita das aves de marzo* (1997), *Calendario perpetuo* (1997), *Os cadernos da ira* (1999), *Vocabulario das orixes* (2000), *Depósito natural* (2002), *Vilar dos fillos* (2004) e *Vento de sal* (2008). En *Ancoradoiro. Obra poética (1983-2003)*, editado en 2003, recóllese a súa poesía publicada até o momento.

Como narrador publicou os libros de relatos *Microtopofanías* (1992) e *A luz dos desafortados* (1996) e como autor teatral *Monstro do meu labirinto* (1987) e *Casa dormida* (1988). *Memoria de poeta* (2006) é un compendio autobiográfico.

As súas colaboracións críticas (comentarios, artigos, prólogos, conferencias) están dedicadas fundamentalmente á poesía galega da segunda metade do século XX e foron recollidas no libro *Espazos do poema* (2009).



Fotografía de Paco Vila Barros

DE
PRAIA DAS FURNAS

Xerais,
Vigo, 1985

FURNA DO ENCONTRO DE DARÍO ÁLVAREZ BLÁZQUEZ
CON DARÍO ÁLVAREZ LIMESES (Vigo 1979 – Tui 1936)

Din que os dous acudiron á cita baixo a figueira,
na paisaxe de ríos caudais:
do manancial aberto polas balas
gardaba o pai un fío de auga na fronte.
O fillo non aturou a canseira
dun esquecemento trabaloso como lume
e ficou adormecido nese leito da tarde
en que ninguén quer vivir, lugar onde falan as pombas.

Coñeceu o pai deitado nas marxes do río,
lendo sucesos antigos doutras beiras da guerra,
puña en fuga as abellas, matinaba nas cartas
que deixou no escritorio aínda por abrir.

Unha distancia de mel como o desexo
demorou os abrazos. O tempo
para alá dos ríos é tan brando
que os mortos, cinxidos no arco dos días,
gastan séculos
en topar as palabras que inician
a vasta soidade de nós.

CASA DURMIDA

A pedra da casa foi quedando durmida e allea,
sen folgos para convocar os homes que fuxiran.
Na hora prima
o salouco das lontras chamou por eles.
Pois o mar traía agoiros, tediosas construcións en arquivolta,
sentouse toda a xente na area para agardar as demoradas barcas.

A nai de todos, tan triste como viñeira no vapor das illas,
conxuraba no piano plumas de paxaro que axudasen aos nenos
a buscar nas agullas do pan un aleph de cristal,
o portento que reflectise todas as cores e tamén o branco.

O pai de todos dixo Vou subir ao faiado, e foi con el
unha luz de foto enferma que lle queimaba os dedos.
Arriba abriu a tapa da lente das estrelas e marchou vagaroso.

Do faiado só voltou co pór do sol
un ar de pai finado, un vento leste
que abaneaba as cadeiras, as tazas do chineiro,
e guindaba na terra os niños falsos.

A xente entrou na casa, que era como un pozo,
e durmiron todos até morrer de esquecemento.
Para alá do balcón dilatábase o campo sementado de áncoras.

ALOIA

Láminas de pel de cereixa desprendidas do espello
abriron xanelas no ar
polas que cheguei ao lugar das imaxes.
Alí a muller oito veces avoa
ensarillaba sinais presentidos arredor do fuso,
argallaba unha aloia para min.

Unha aloia era entón mistura de copo e dardo,
vidro lento, folla isolada na Seca de Outono,
paxaro que se esguiza nas mans cando elas, saudosas,
recollen no maresío un voo fráxil
que aquí damos en chamar orballo.
E tamén era unha banda de merlos sorprendidos
na bâtega xeada que os converteu en cousa de cristal,
néboa semellante ás laxes de augas verdes.

Tristes viñan entón os longuísimos invernos
e todo, desde a clareza até os funís da noite,
facíase na casa: alí executáronse tecidos rituais,
alfombras de argazo, tapices e caixóns
para preservar as terras do herdo
e tantos poemas que falaban de peixes.
Avistábase unha aloia na memoria de Agosto
mentres caía o domingo na horta .

Logo da chuvia de pólvora que baixou aos lugares inocentes da casa,
ás alcobas eivadas polos bicos da guerra,
alguén recolleu as redes baleiras: o morto de fusil
topara a caixa de vidro que gardaba as imaxes:
Aloia era unha pedra luída no temporal de amor,
buguina que ecoa un cantar de agoiros felices.

CAIXAS PARA POETAS, ALQUIMISTAS E FUXIDOS

Entran as aparencias nas cámaras escuras
como nas furnas tristes poetas e alquimistas,
como os alucinados nas caixas da soidade.

Así en leitos de ríos dormen os delatados,
saloucan nas buguinas os desaparecidos
e nos labres da terra achántanse os que foxen.

Como as letras baleiras nas covas do poema
ou a chuvía agoirenta en vasos de liturxia,
así se deita o mar nas cráteras da praia.

Féchanse nos desváns os que agardan a morte,
os que espreitan as augas en traballo de sonda,
os que recollen luz dos funís e dos pozos.

Doentes, extraviados, poetas e alquimistas
fanse vellos na busca dunha quintana, un patio,
un país encuberto, unha alcoba secreta.

Así fan os que foxen do terror, os amantes,
os que caen nos alxibes, namorados do espello,
os que topan a nai no quentor do faiado.

A sombra das figueiras semella unha lagoa,
unha caixa que garda as memorias precisas
para o abrazo ferido dos mortos inocentes.

Pero a cámara escura estraga as aparencias,
consome o ar da vida que provén das imaxes,
rouba a voz do falar, seca o río dos ollos,

fai do día un Outono de palabras caducas
e confunde o poeta que camiña intrincado
no sumidoiro mítico da cidade barroca,

confiado nos mapas da Fábula e da Alquimia
como fan os fuxidos, os alleos, os mortos
que, extramuros, perseguen unha porta de vidro.